

Circular 2/2024, do 7 de maio de 2024, da Secretaría Xeral para o Deporte, polo que se ditan recomendacións a ter en consideración para a xustificación dos convenios de colaboración coas Federacións deportivas de Galicia, para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2024.

1.- Documentación a presentar:

1.1.- As facturas, salvo as correspondentes a gastos xerais, deberán facer referencia ao programa concreto ao que se atribúe o gasto segundo o establecido na ficha I do convenio referida ao reparto orzamentario por programas.

No caso de facturas que superen o importe de 9.000,00 € deberán achegarse polo menos tres orzamentos de tres empresas diferentes, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que realicen as actividades obxecto do gasto ou salvo que o gasto se realice con anterioridade á sinatura do convenio. Os orzamentos deberán solicitarse e estar datados con anterioridade á contratación levada a cabo pola Federación. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa..

1.2.- Na memoria económica explicativa dos gastos presentados na xustificación, deberanse relacionar coas actividades deportivas realizadas.

1.3.- Deberá aportarse acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes mediante a achega dos documentos gráficos nos que quede constancia, de conformidade co previsto nas cláusulas 4.3 e 4.4 do convenio.

2.-Nos casos de delegación da actividade nun club (Cláusula 6.5 do convenio)

De conformidade co previsto na cláusula 6.5 do convenio, a Federación deberá aportar:

1. Convenio de colaboración co club no que conste expresamente que este último actúa por conta e representación da Federación, para os efectos da subvención, e no que se concrete a actividade a desenvolver polo club.

2. Acreditación de que o club reúne os requisitos previstos polo artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Memoria asinada polo representante legal do club detallando todas as actividades realizadas e o custo de cada unha delas, acompañada das correspondentes facturas así como dos xustificantes bancarios dos pagamentos feitos polo club para a realización da actividade conveniada. Non sería válida a factura emitida polo club a Federación polo importe recibido, é preciso que o club achegue todas as facturas e xustificantes dos pagos para que posteriormente a federación lle transfira ao Club o importe correspondente.

4. Xustificante da transferencia efectuada pola Federación ao Club polo importe dos gastos xustificadas polo Club.

5. No caso de facturas que superen o importe de 9.000 € será de aplicación a previsión da cláusula 6.4 para os gastos no que incorra o club.

3.-Forma de presentación

É importante á hora de presentar a documentación que todo veña ordenado e organizado para facilitar a

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
Rúa Madrid núm. 2-4, 2º andar 15781 Santiago de Compostela
881996360
subdireccion-plans-programas.pr@xunta.gal
<https://deporte.xunta.gal>



revisión da xustificación e identificar cada factura co programa correspondente.

Un exemplo de boa orde na presentación sería o seguinte:

- Memoria económica explicativa. Esta memoria non pode ser un simple desglose dos gastos, xa que esta información xa aparece no anexo IV. É preciso explicar os gastos máis detalladamente relacionándoos coas actividades levadas a cabo e datando e identificando na medida do posible esas actividades.

No caso concreto das axudas de custo e gastos de desprazamento, é necesario que na memoria figure a información precisa que permita verificar que os importes se axustan aos recollidos no convenio (identificación do evento, datas e duración do evento, nº de persoas, réxime de aloxamento, etc).

-Anexos II, III e VI ben cubertos e asinados.

- Anexo IV cuberto pola federación (para os supostos en que se deleguen actividades nun club sería conveniente que cada club cubra un Anexo IV só cos gastos que asumiu para levar a cabo a actividade delegada). Neste caso a Federación presentaría un Anexo IV cos seus gastos, e cada un dos clubs nos que delegue o desenvolvemento de actividades o seu correspondente Anexo IV.

- É importante que a continuación do Anexo IV deben escanear as facturas co seu correspondente cargo bancario, seguindo a orde na que se detallan no anexo e numerándoas. A estes efectos é convinte que no anexo, independentemente do número identificativo da factura, figure un número de orde, e ese mesmo número de orde na factura escaneada.

4.- Outros aspectos a ter en conta:

4.1.- Cando se inclúan nóminas de traballadores na xustificación, no Anexo IV débese desglosar por un lado o importe líquido da nómina e por outro os seguros sociais, IRPF, etc (nunca poñer o importe bruto). Para xustificar aportarse a nómina co cargo bancario, os seguros sociais co cargo bancario e o IRPF co xustificante do pagamento trimestral.

4.2.- Non son subvencionables as axudas económicas a deportistas. No caso de que eses deportistas acudan a probas que supoñan un gasto de inscrición, aloxamento, manutención, etc, eses deportistas deberán achegar as facturas de aloxamento, comida, desprazamento, xustificante do pagamento dos gastos de inscrición, e demais documentos xustificativos de gastos, para logo a Federación transferirle o importe correspondente, RESPETANDO SEMPRE OS IMPORTES MÁXIMOS DETALLADOS NO CONVENIO PARA ESTA FINALIDADE.

- Non é subvencionable ningún tipo de material inventariable.

- Se se delega o desenvolvemento dunha actividade nun club, o convenio non contempla a posibilidade de que a súa vez o club obxecto da delegación poida delegar nun terceiro.

- Ter presentes os gastos que non son subvencionables en ningún dos casos (cláusula oitava).

Santiago de Compostela
A subdirectora Xeral de Plans e Programas

